



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-8M3-A ciencia con ollada de muller

Elementos da baralla

- Neste xogo podes atopar un total de 58 cartas, que amosan 28 ilustradoras relacionadas coa Ciencia de todos os tempos e dous comodíns (a man prehistórica). Tes un reverso único e varios anversos para imprimir.
- En cada carta aparece o nome da ilustradora, unha imaxe desta e unha ilustración relativa ao seu traballo creativo.
- Tes que imprimir as cartas por duplicado co seu anverso e reverso para formar as 28 parellas e poder xogar.
- Recomendamos plastificar as cartas para unha maior durabilidade no tempo e reusabilidade.

Indicacións de xogo

a. Xogo sen comodíns

- Aconsellable para 4 persoas xogadoras.
- Unha das persoas baralla as cartas e reparte 4 a cada unha, deixando o resto das cartas nun mazo no centro da mesa.
- A persoa elixida para comezar o xogo deberá facer parellas coas cartas da primeira man e colocándoas ao seu carón. No caso de non ter ningunha parella, collerase unha carta do mazo e pasarase a vez á seguinte persoa.
- Cando o mazo finalice, cada persoa poderá coller unha carta do compañeiro/a da esquerda ao chou para ir acadando as parellas.
- Gañará o xogo a persoa que teña máis parellas de ilustradoras feitas.

b. Xogo con comodíns

- Igual que no caso anterior pero poden empregarse 1 ou 2 comodíns para substituír ás ilustradoras e facer parellas.
- Neste caso a estratexia de xogo é importante para conseguir gañar o xogo facendo parella co comodín ou gardándoo para cando avance o xogo.

c. Parellas

- Pode xogarse individualmente ou en grupos.
- Escóllese o número de parellas desexado, barállanse e dispóñense boca abaixo.
- A primeira persoa ou grupo dá a volta un máximo de dúas cartas.
- Se son parella, quedan boca arriba. Se non, víranse de novo e pasa a xogar a seguinte persoa ou grupo.
- Gaña quen destape máis parellas.

Para saber máis das ilustradoras


- Nas biografías resúmense os puntos máis destacados do traballo destas importantes mulleres.
- Podes engadilas ás biografías das actividades do 11F e facer novas cartas.

Crea as túa cartas

- Emprega os modelos para engadir máis ilustradoras e cartas.




María Sibylla Merian




Anne Lister




Sarah Drake



Elizabeth Gould



Anna Maria Hussey



Beatrix Potter



Sarah Frances Price



Anna Atkins



Sarah Lindley Crease



Augusta Innes Withers



Catherine Furbish



Vera Scarth-Johnson



Mary Anning



Louisa Atkinson



Harriet Morgan



Marianne North



Matilda Smith



Margaret Flockton



Margaret Mee




Kathleen McArthur






Julia Rouaux



Elizabeth Twining



Ellen Hutchins



Helena Forde

XUNTA DE GALICIA

POLOS CREATIVOS





Comodín





XUNTA DE GALICIA

POLOS CREATIVOS





XUNTA DE GALICIA

POLOS CREATIVOS



XUNTA DE GALICIA


POLOS CREATIVOS



POLOS
CREATIVOS




**A ciencia con ollada
de muller**



POLOS
CREATIVOS




**A ciencia con ollada
de muller**



POLOS
CREATIVOS



**A ciencia con ollada
de muller**



POLOS
CREATIVOS



**A ciencia con ollada
de muller**





M. Sibylla Merian



 Ilustradora

 "Na miña mocidade dediqueime a buscar insectos dándome conta de que as eirugas se transformaban en belas bolboretas".

 Precursora da entomoloxía, naturalista, exploradora e pintora. As súas detalladas observacións e ilustracións da metamorfose das bolboretas convertérona nunha das máis importantes iniciadoras da entomoloxía moderna.

 Alemaña 1647 - Países Baixos 1717



Anne Lister



 Ilustradora

 "O libro *Historia conchyliorum*, publicado en 1685, contiña máis de 1.000 láminas de cunchas e moluscos mariños".

 É unha das primeiras ilustradoras que emprega un microscopio, traballando coa súa irmá (Susanna) nos libros do seu pai, Martin Lister.

 1671 - 1700



Sarah Drake



 Ilustradora

 "O seu legado gráfico segue sendo unha inspiración no campo da ilustración científica".

 Aprendeu a ilustrar e debuxar cuidando a tres nenos pequenos, enriquecendo traballos do botánico John Linley que, na súa honra, nomeou un xénero de orquídeas, a *Drakaea*.

 Reino Unido 1803 - 1857



Elizabeth Gould








 Artista e ilustradora

 "Dominaba varias linguas estranxeiras, un par de instrumentos musicais e destacaba pola súa capacidade para o debuxo e as acuarelas".





 Foi unha artista experta en debuxo, acuarela e litografía. Axudou ao seu marido para ilustrar moitos dos seus libros, producindo multitude de ilustracións para obras ornitolóxicas.


 Inglaterra 1804 -1841








-  Micóloga, escritora e ilustradora
"Se o estudante sae da casa sen unha canastra, pode diseccionar os fungos no lugar, que será sempre unha operación imperfecta; mellor levar o botín en chapeu ou pano".
-  Realiza numerosa láminas micolóxicas escribindo *Illustrations of British Mycology* que contén 90 láminas en cor de especies colleitadas, xunto con descricións, observacións persoais, anécdotas e comentarios.
-  Reino Unido 1805 - 1853
- 







-  Escritora, ilustradora e fabulista
"A base para os seus proxectos e historias foron os pequenos animais que introducía furtivamente na casa ou que vía durante as vacacións familiares".
-  Ao longo da súa carreira literaria produciu un total de 23 libros infantís, os cales foron publicados en pequeno formato, fácil de manexar e ler pola cativada.
-  Londres 1866 - Cumbria 1943
- 



-  Botánica e ilustradora científica
"Na súa carreira, publicou máis de corenta artigos científicos e tiña un extenso herbario privado con ao redor de 2.000 plantas".
-  Descubriu moitas plantas raras e atribúeselle a clasificación dunha gran parte da flora de Kentucky. Debuxou ao redor de 1.500 plantas a lapis e acuarela.
-  USA 1849 - 1903
- 



-  Botánica e fotógrafa
"Considerada a primeira persoa en publicar un libro ilustrado con imaxes fotográficas. Din que ela foi a primeira muller en crear unha fotografía".
-  Recibiu unha educación científica inusual para unha muller da súa época. Aplicou a cianotipia ás algas mariñas facendo fotogramas que se imprimiron por contacto.
-  Inglaterra 1799 - 1871
- 



Artista e ilustradora


"Destaca polas súas numerosas acuarelas do forte da Compañía da Baía de Hudson, a cidade de Victoria e outros lugares da Columbia Británica".



Estudou arte e os seus primeiros traballos foron ilustracións botánicas para as publicacións do seu pai, o investigador John Lindley.



Inglaterra 1826 - Canadá 1922



Ilustradora de Historia Natural


"Foi nomeada pintora de flores ordinaria " da raíña Adelaida e máis tarde da raíña Victoria".



Coñecida polas súas ilustracións da revista Pomological de John Lindley e a súa colaboración con Sarah Drake nas monumentais Orchidaceae de México e Guatemala de James Bateman.



Inglaterra 1792 - 1877



Botánica

"Descubriu dúas plantas que recibiron o seu nome: Pedicularis furbishiae e Aster cordifolius L., var. furbishiae".



Recompilou, clasificou e ilustrou a flora nativa de Maine. Dedicou máis de 60 anos da súa vida, viaxando miles de quilómetros por todo o seu estado natal e creando debuxos e acuarelas moi precisas das plantas que atopou.



1834 - 1931



Botánica e ilustradora

"En 1990, entregou a súa maravillosa colección de ilustracións botánicas á xente de Cooktown. A colección exhibese no sorprendente edificio inspirado nela no fermoso Xardín Botánico".







É lembrada polos seus continuos esforzos por ensinar a outros a atesourar a flora de Australia. As viaxes de recolección levárona por gran parte do país e ao redor das illas do Pacífico.








Australia 1912 - 1999







-  Coleccionista, comerciante e paleontóloga
-  "Os seus descubrimentos (aos 12 anos) incluíron o primeiro esqueleto de ictiosauro correctamente identificado".
-  Fíxose coñecida en todo o mundo polos descubrimentos de fósiles mariños do Xurásico nos cantís ao longo do Canal da Mancha, contribuíndo a cambios no pensamento científico sobre a vida prehistórica.
-  Inglaterra 1799 - 1847







-  Escritora, botánica e ilustradora
-  "Pioneira na reforma da vestimenta: as saias longas da época eran unha molestia nas zonas cubertas de maleza e por iso usaba pantalóns para pasear e montar a caballo".
-  Descubriu novas especies de plantas. O seu interese pola botánica atribúeselle á educación que recibiu na casa grazas á súa nai, que tamén era artista e estaba interesada na historia natural.
-  Australia 1834 - 1872





-  Ilustradora de Historia Natural
-  "Sobre todo... que ninguén saiba que me estás pagando por facelos para ti".
-  Na súa educación adquiriu un amplo coñecemento do mundo natural: plantas, animais e insectos australianos, sendo notables os seus magníficos debuxos de avelaiñas e bolboretas. Pintou comercialmente para outros autores.
-  Australia 1830 - 1907





-  Bióloga e artista botánica
-  "Moitas plantas foron nomeadas na súa honra: Areca northiana, Chassalia northiana, Crinum northianum, Kniphofia northiae, Nepenthes northiana e o xénero Northia".
-  Destacada polas súas pinturas de plantas e paisaxes, as súas extensas viaxes ao estranxeiro, os seus escritos, os seus descubrimentos de plantas e a creación da súa galería no Royal Botanic.
-  Inglaterra 1830 - 1890




 Botánica e ilustradora


 "Foi a primeira muller artista oficial dun dos xardíns botánicos máis importantes do mundo: o Xardín Botánico de Kew".


 Debuxou máis de 2.300 placas en revistas e noutras publicacións. Tamén fixo a reprodución da biblioteca dos Royal Botanic Garden, sumando tamén traballos incompletos.


 India 1854 - Reino Unido 1927





 Ilustradora botánica e profesora de arte "As súas litografías rapidamente se fixeran populares e publicitáronse aínda máis mediante a impresión como postais. Desafortunadamente, nunca recibiu o recoñecemento que merecía polo seu traballo".


 Foi a primeira ilustradora botánica no Real Xardín Botánico de Sydney. Tamén foi a primeira litógrafa en Australia, o que lle deu unha gran reputación nese momento.

 1805 - 1889





 Botánica "Converteuse na primeira persoa en pintar a flor da lúa, *Strophocactus wittii*, no seu medio natural".


 Especializouse en plantas da selva amazónica brasileira. En 1976 foi galardoada coa Orde do Imperio Británico. Ademais, foi unha das primeiras ambientalistas en denunciar o impacto da minería a grande escala e a deforestación no Amazonas.

 Reino Unido 1909 - 1988




 Naturalista, escritora e ilustradora

 "A araña *Ozicrypta mcarthurae* recibiu o seu nome pola súa destacada contribución á conservación".

 Foi unha forte ambientalista e estivo involucrada en varias campañas durante as décadas de 1960 e 1970 para preservar paisaxes ameazadas polo desenvolvemento económico.

 Australia 1915 - 2000



Ilustradora


"Son unha lustradora viaxeira que mestura a ilustración científica coa arte naturalista".



O seu traballo céntrase en realizar lustracións naturalistas e científicas especializadas para papers, teses de grao e posgrao, guías de campo e salas de museos.



Argentina



Pintora e ilustradora botánica


"Foi a fundadora das reunións de nais en Londres, para as que escribiu *Dez anos nunha escola irregular e Lecturas para reunións de nais*".



É coñecida polas súas detalladas ilustracións en forma de litografías, pero tamén escribiu varios libros sobre botánica. A maior parte da súa obra de arte forma parte da colección do Museo Británico.



1805 - 1889



Botánica

"Numerosas especies de plantas vasculares, líques, algas, hepáticas e briofitas levan o seu nome".



Especializouse en algas, líques, musgos e hepáticas. É coñecida por atopar moitas plantas novas para a ciencia, por identificar centos de especies e polas súas ilustracións botánicas en publicacións contemporáneas.



Irlanda 1785 - 1815



Bióloga e entomóloga


"O papel, importado de Inglaterra, era tan valioso que utilizaban cada folla dúas veces: pintar no anverso, escribir no reverso, nunha letra diminuta na que podía comprimir a máxima cantidade de información".





Irmá de Harriet Scott, adquiriron xuntas un coñecemento considerable das plantas, dos animais e especialmente dos insectos australianos.




1832 - 1910




 Bióloga e divulgadora científica


 "Podes atopala nas redes compartindo os seus cómics en Biomiics e colaborando en Ilustraciencia".


 Afeccionada ao manga, explica a bioloxía en forma de cómic, divulgando o coñecemento científico nun formato moi atractivo que aumenta a súa visibilidade.

 España





 Ilustradora científica


 "Le, observa, imaxina e experimenta ata atopar os ingredientes adecuados para facer realidade as túas ideas".


 Os seus delicados debuxos, moi detallados, e con anotacións manuscritas, achégannos ao misterioso mundo natural.

 España




 Deseñadora e ilustradora científica


 "A través das miñas ilustracións e infografías, axúdoche a comunicar os teus proxectos de investigación e divulgación científica".


 Realiza gran cantidade de ilustracións médicas, sobre animais, botánicas, entomolóxicas e infantís.

 España



 Ilustradora

 "O meu traballo, cargado de investigación, ten multitude de ramificacións: ilustración en prensa, publicacións científicas, novela gráfica, ilustración infantil, e contos".

 A súa natureza polifacética embarcoulle en distintas disciplinas, pintura e deseño gráfico. En 2009, coa súa entrada como ilustradora no Museo Arqueolóxico rexional de Alcalá de Henares, especializouse no campo da ilustración científica.

 España